

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN COVID-19

ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN CURSO

2020/2021

+1 m.
↔



#sentidiño

<http://coronavirus.sergas.es>

900.400.116

SIF

Servicios Integrales de Formación S.L.

Tlf.: 677 555 748

www.sifservicios.com

info@sifservicios.com

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E ORGANIZACIÓN XERAIS ANTE O COVID-19

2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARTICULAR PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN

ESTE PROTOCOLO ESTA CONDICIONADO AS MODIFICACIÓN QUE EN CADA MOMENTO NOS INDIQUEN OU IMPOÑAN AS AUTORIDADES SANITARIAS

INTRODUCCIÓN

A continuación presentamos o Protocolo de actuación ante a actual situación de COVID-19 para as actividades de Conciliación. O presente protocolo recolle todas ás medidas de actuación establecidas pola Xunta de Galicia no seu Protocolo oficial, así como as medidas particulares establecidas pola propia empresa.

Cabe destacar que todo o persoal que interveña nas actividades coñece este protocolo, e ten a obrigaón de levar a cabo as medidas de actuación que aquí se recollen.

En canto aos usuarios/as participantes e as súas familias deberán cumprir de maneira estrita ás normas establecidas, ademais de presentar unha declaración xurada ao comezo.

No caso de que se prodúcese algún positivo durante o desenvolvemento do servizo, serán as autoridades sanitarias as que decidan cal será o procedemento a seguir en cada situación.

1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E ORGANIZACIÓN XERAIS ANTE O COVID-19

MEDIDAS XERAIS

- A empresa contará con un/ha responsable do COVID-19, que será o contacto directo co equipo COVID-19 do centro educativo onde se leven a cabo as actividades. No caso de que haxa algunha incidencia (incumprimento das normas ou posible positivo), será posto en coñecemento do equipo COVID-19 do centro, e este será quen avise ás autoridades competentes.
- Todo o persoal que interveña realizará unha auto enquisa diaria (modelo facilitado pola Xunta de Galicia), antes da chegada ao posto de traballo, para detectar posibles síntomas compatibles cunha infección por SARS-Cov-2. A enquisa non terá que comunicarse ao centro nin a empresa, pero si os resultados dos síntomas se algún fose compatible para tomar as medidas oportunas. Ante a aparición de polo menos un dos síntomas que aparecen na enquisa, non poderán asistir ao centro e terán que pedir cita co médico.
- As familias teñen a obriga de cumprir as normas establecidas polas autoridades, polo centro educativo e pola empresa respecto ao COVID-19. Antes de traer aos rapaces e rapazas aos diferentes servizos, teñen que realizar unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria (enquisa da Xunta de Galicia), para comprobar se estes poden ser compatibles co SARS-Cov-2. Os resultados desta auto avaliación non teñen que enviarse a ninguén, pero en caso de que haxa algún síntoma, si

comunicar a ausencia. Ante a aparición de polo menos un dos síntomas que aparecen na enquisa, non poderán asistir ao centro e terán que pedir cita co médico.

- Ante a aparición de sintomatoloxía por parte dos profesionais e/ou usuarios/as, non acudirán ao centro e manteranse en illamento. Informarase inmediatamente ao equipo COVID-19 (da empresa e do centro educativo), para que a súa vez, estes informen as autoridades e tomen as medidas pertinentes. Serán as autoridades sanitarias as que decidan cales serán os pasos a seguir no caso de un posible positivo ou positivos.
- No caso de que un/ha usuario/a presente síntomas durante ás actividades de conciliación, será inmediatamente illado na zona destinada para tal fin e avisarase de inmediato a súa familia que deberá presentarse á maior brevidade posible no centro. No caso de que no seo familiar haxa alguén que poida padecer COVID-19, non poden asistir ás actividades nin participantes nin profesionais á espera de confirmar o positivo.
- Toda a información confidencial que manexe o responsable do COVID-19 das actividades de conciliación, será trata de maneira confidencial.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- De forma xeral manterase unha distancia de polo menos 1,5 metros nas interaccións.
- Intentarase que os grupos de idades sexan de convivencia estable.

- Intentarase empregar espazos amplos, ven ventilados e que permitan a separación.
- O uso de máscaras será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade, independentemente do mantemento da distancia de seguridade interpersoal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico e no Protocolo oficial da Xunta de Galicia. A máscara será obrigatoria durante toda a xornada e deberán ter outra de reposto así como un estoxo específico para gardala. A imposibilidade do uso de máscara deberá ser acreditada polo/a pediatra ou facultativo/a da persoa afectada.
- Realizaranse talleres periódicos para explicar como facer un correcto lavado de mans, concienciar para evitar tocar nariz, ollo e boca e como quitar, poñer e gardar á máscara.
- O lavado das mans será frecuente. Nada máis comezar o servizo terán que realizar un lavado de mans, durante polo menos 40 segundo, con xabón, ou durante 20 segundos con xel hidroalcohólico. O lavado de mans farase mínimo 6 veces durante a xornada. Nada máis entrar no servizo terán que lavar as mans, ao igual que na saída. Pero Tamén cada vez que se cambie de actividade, despois de ir ao baño etc.
- Só poderá vir un adulto por menor, entrando e saíndo polas zonas indicadas para tal fin. Nada máis chegar ao centro terán que desinfectar as mans con xel hidroalcohólico, tanto a persoa que acompañe como o/a menor. Aínda así, o/a menor, unha vez que entre no servizo, realizará o lavado de mans pertinente con xabón e auga.

- Os espazos que se empreguen ,estarán desinfectados previamente, e tamén se desinfectarán ao remate.
- Non se compartirá material. As actividades que precisen de materiais concretos, terán que traelos os propios usuarios/as e cada un/unha manipular os seus.

MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS:

- Ademais das medidas levadas a cabo polo propio centro, o persoal encargarse de revisar que os espazos que se van empregar estean desinfectados. Haberá persoal dedicado a realización e supervisión da limpeza e desinfección.
- Realizaranse tarefas de desinfección e limpeza cada vez que se empregue un espazo. Nas zonas de uso común e en superficies máis frecuentes terase especial atención e realizarase tantas veces como sexa preciso, mínimo tres veces en cada quenda (comezo-desenvolvemento-saída).
- A limpeza farase con lixivia, desinfectante ou virucida autorizados. Logo de cada limpeza, os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro e a continuación realizarase un lavado de mans.
- Ventilaranse as estancias o máximo posible, intentando realizar o maior número de actividades no exterior sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan. Entre a saída e a entrada da seguinte quenda, realizarase unha ventilación de polo menos 15 minutos.
- No caso de que un/ha traballador/a do servizo ou un/ha usuario/a presente síntomas mentres se atope nas actividades, será illado/a na

sala destinada a tal fin, así como o contedor onde deposite os seus panos ou outros produtos usados. Unha vez abandone o centro, farase unha correcta desinfección e ventilación da sala.

SUPOSTO DE GROMOS:

- No caso de que apareza un gromo, será o equipo COVID-19 (do servizo e do centro educativo) xunto coas autoridades sanitarias, quen tomen as medidas pertinentes en cada caso.
- As persoas (traballadores ou usuarios/as) que teñan contacto estreito con un diagnóstico confirmado, deberán entrar en corentena no seus domicilios por un período de 14 días.

EQUIPO TÉCNICO RESPECTO AO COVID-19:

- **Responsable COVID-19:** Será o/a responsable de todo o que teña que ver co COVID-19 no servizo, e terá un contacto estreito co equipo COVID-19 do centro educativo, que serán os máximos responsables e os que tomen as decisións pertinentes.
- **Responsable da limpeza:** Serán aquelas persoas encargadas da limpeza e desinfección dos espazos, aseos etc, así como da ventilación.

PROTOCOLOS ENTRADAS E SAÍDAS:

- Será o establecido polo centro educativo.

SERVIZOS QUE INCLÚAN SUBMINISTRAR ALIMENTOS:

- Seguirase o protocolo ordinario da Xunta de Galicia, co engadido das prevencións en materia de consumo de alimentos.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS PROFESIONAIS:

- Manterán unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección e hixiene.
- Realizarán tarefas de concienciación, talleres e obradoiros de medidas de protección, uso de máscara, hixiene e prevención de xeito periódico.
- As comunicacións coas familias serán preferentemente por teléfono ou correo electrónico, evitando as reunións presenciais.

2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARTICULAR PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN

ENTRADA

- Só un adulto acompañará ao menor. A entrega e recollida será no lugar indicado para tal fin.
- Todas as persoas que accedan ao recinto lavarán as mans ou procederán a súa desinfección na entrada e na saída.
- O persoal desinfectará os zapatos das persoas participantes cando entren e saian do servizo.
- Só poderán traer unha mochila ou bolso cos seus obxectos persoais que poidan precisar. O persoal asegurase de que exista un lugar asignado

para tal fin. Todo o material (que non se poderá compartir) estará identificado co nome da persoa participante.

- Os usuarios e usuarias cando cheguen terán que desinfectar as mans, e a continuación irán para o espazo asignado, seguindo os itinerarios previstos e cos profesionais correspondentes.
- No caso de darse aglomeración na entrada ou saída, haberá que manter a distancia de seguridade e esperar o turno.
- Para participar no programa as familias deberán firmar a declaración responsable correspondente as medidas específicas do covid-19.

SAÍDA

- A metodoloxía de saída será totalmente igual que á entrada, pero en modo inverso.
- Facer especial fincapé en que só un adulto pode recoller aos menores no centro.
- Ter en conta que unha vez saen do centro cunha persoa autorizada, a empresa xa non se fai responsable do que poida xurdir. Da mesma maneira que se unha familia comunica un posible caso positivo de COVID-19, a empresa non será a responsable sempre que se levasen a cabo todas as medidas de seguridade e prevención.
- A empresa si se fai responsable de cumprir e facer cumprir este protocolo.

CONTROL E PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN

- Reforzaranse as mensaxes e carteleira recordando os comportamentos e distancia de seguridade, medidas de hixiene, etc.
- Realizaranse talleres e obradoiros de xeito habitual para traballar as medidas de prevención, recoñecer síntomas, poñer e quitar máscaras etc.

CUMPRIMENTO DE MEDIDAS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN OBRIGATORIAS.

- No caso de que se organicen grupos burbulla, en cada un deles haberá unha persoa responsable que será o/a que garanta a recollida e entrega dos e das participantes, velará polo respecto das medidas de distanciamento social e evitará aglomeracións. Controlará as medidas de hixiene e seguridade.
- En todos os casos garantirase o cumprimento dos protocolos de seguridade.

PROTECCIÓN DOS COLECTIVOS DE RISCO E EN DESVANTAXE SOCIAL

- Estableceranse medidas para a protección específica de todos os grupos vulnerables en función das súas necesidades.

METODOLOXÍA DAS ACTIVIDADES

- Primarase a realización de actividades ao aire libre.

- Evitarase a realización de actividades que impliquen contacto físico constante. Utilizaranse máscaras sempre que a actividade o permita, sendo o seu uso obrigatorio en lugares pechados con múltiples persoas.
- Como norma xeral non se permitirá comer durante a actividade, excepto nos servizos que o teñan incluído.
- Os espazos cerrados estarán reorganizados de tal forma que se asegure o correcto cumprimento das medidas de distanciamento social. Serán amplos e debidamente ventilados.
- O material empregado intentarase que sexa propio e cada participante. No caso de ter que compartir material, será desinfectado entre cada uso.

DESPRAZAMENTOS, ENTREGA E RECOLLIDA DE PERSOAS PARTICIPANTES

- A recollida dos participantes farase na zona indicada para tal fin. Antes de saír desinfectarase o calzado e as mans.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN

- Intensificaranse as tarefas de limpeza e desinfección como indicamos anteriormente.
- Establecemento e difusión das medidas de prevención a aplicar no centro entre todos/as os/as traballadores/as en canto a espazo de traballo, ao equipo de materiais de traballo así como con respecto ao desenvolvemento e organización do traballo.
- Seguiranse as pautas indicadas no primeiro apartado do presente protocolo en caso de que unha persoa de positivo en COVID-19.

- Ensinar, fomentar e reforzar as prácticas de hixiene saudables entre todo o persoal e as diferentes persoas participantes. Difusión previa de material informativo tanto a traballadores/as como a persoas participantes ou responsables destes antes da realización da actividade. Impartirase unha charla instrutiva ao comezo da actividade por parte dos/as traballadores/as as persoas participantes para poñer énfase ás medidas preventivas que se van a tomar.
- Sistemas de comunicación e fluxos para o intercambio de información co equipo COVID-19 do centro.
- Esixir, tanto ao persoal como as persoas participantes que se queden as súas respectivas residencias en caso de presentar calquera malestar ou síntoma de estar enfermos/as
- Estableceranse estratexias para reducir a propagación en caso de posible contaxio.

MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL PARA OS/AS PROFESIONAIS

- Darán o máximo exemplo á hora de levar a cabo as medidas de seguridade.
- Uso obrigatorio de máscaras, lavado e/ou desinfección de mans nas entradas, saídas e durante as actividades e manter a distancia de seguridade (1,5 metros).
- Tirar calquera obxecto de hixiene persoal de forma inmediata ao seu uso.

- Os/as responsables de riscos laborais da empresa manterán un contacto regular co persoal.
- Desinfectar frecuentemente ao longo de toda a xornada laboral os obxectos de uso persoal con auga e xabón cando sexa factible.
- Lavarse minuciosamente as mans tras esbirrar.
- Non compartir equipos de traballo ou dispositivos co resto do persoal.
- Levar diariamente a roupa de traballo limpa. Empregar calzado específico nas instalacións.

MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

- Empregaranse materiais e produtos de limpeza autorizados. Guantes de nitrilo ou látex, máscaras, produtos desinfectantes aprobados por sanidade, xabón, papeleiras de pedal e bolsas de lixo, dispensador de xabón, dispensador de papel.
- Levarase unha folla de rexistro de actuacións nos diferentes espazos rexistrando a hora, data e responsable.
- Limpar con papel dun só uso.
- Facer unha aplicación directa en vez de pulverizar.
- Trala limpeza deberase realizar hixiene de mans, cambio de roupa e tirar os guantes e máscaras no contedor destinado exclusivamente a iso.
- Na folla de rexistro indícanse as deficiencias ou falta de material para a súa inmediata reposición.

- Ubicar dispensadores de xel e papel de mans en espazos comúns. Entre cambios de grupos de traballo reforzar a desinfección e limpeza.
- Hixienización diaria dos espazos.
- Aumentar a frecuencia de ventilación diaria (10-15 minutos).
- Hixienización diaria do resto de superficies facendo especial fincapé en pomos, varandas ou superficies.
- Colocación de papeleiras con dobre bolsa para facilitar a súa recollida diaria.
- Non se permitirá o uso libre de fontes de auga polas persoas participantes. O persoal encargarse do recheo de cantimploras seguindo as medidas de hixiene.
- Ubicar dispensadores de xel e papel nos baños.
- Duplicar a hixienización diaria dos retretes, especial fincapé e frecuencia naqueles que este accesibles nas zonas comúns. Tirar da cadea coa tapa baixada.
- No caso de que haxa que compartir material de maneira excepcional, este estará desinfectado antes e despois de cada uso.
- Evitar materiais acuosos.
- Extremarase a limpeza do centro de traballo con especial atención ás zonas comúns e especialmente baños.
- Implementaranse procesos de limpeza regulares especialmente enfocados en superficies onde o virus parece durar máis tempo.

- Reforzar as tarefas de limpeza en todas as estancias con especial incidencia en aquelas que se tocan con máis frecuencia como ventás ou pomos de porta.